

ACTA DA SESION ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DIA 6 DE OUTUBRO DO 2008.-

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día seis de outubro de dous mil oito; a unha e media do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente accidental, Don Anxo Collarte Pérez.- Concelleiros: Don José Ignacio Gómez Pérez e Dona Manuela Iglesias Collarte.

Está presente o Secretario-Interventor do Concello, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado 29 de setembro do dous mil oito (Ordinaria).

2.- OBRAS MAIORES.-

Non houbo.-

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.

INFORMACIÓN URBANÍSTICA.

1.- Solicitud de información urbanística interesada por **Dona Maria Elisa Pérez Iglesias**, con domicilio en Lago Constanza nº 53, 4ºB, Madrid, con número de rexistro de entrada 5264. A proposta da Concelleira Delegada de urbanismo Dona Manuela Iglesias Collarte e visto o correspondente informe técnico de data 02.10.08 a Xunta de Goberno Local por unanimidade aprobou a información urbanística que se contén naquel sobre o lugar sito en San Lázaro, a solicitude de Dona Maria Elisa Pérez Iglesias de xeito que se entregará ó solicitante copia selada e cotexada do devandito informe para coñecemento e efectos.

Habéndose advertido un erro no acordo da Xunta de Goberno Local de data 22.09.08, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda correxilo, quedando o acordo do seguinte xeito:

INFORME DA CORPORACIÓN MUNICIPAL.-

“Examinado o expediente promovido por **Promocions Boporte S.L.**, con domicilio na rúa Ribeiro nº 68, 4ºA, desta Vila, en virtude da instancia nº 5743 de data 6 de novembro de 2007, solicitando licenza municipal para o proxecto de instalación de estación emisora receptora de depósito de 2.540 litros nun inmovible sito na estrada de Francelos nº 54, deeste

término municipal, actividade comprendida no Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas e Perigosas, aprobado polo Decreto 2.414/1961 do 30 de Novembro. RESULTANDO: que se cumpriron tódolos trámites de información pública así coma notificacións persoais aos veciños inmediatos incorporando os informes da Delegación Provincial de Sanidade e os informes técnicos municipais.- CONSIDERANDO: que o proxecto técnico en canto a súa posible repercusión sobre a sanidade ambiental e as medidas correctoras necesarias para garantir a tranquilidade, salubridade e seguridade cidadá e a súa adecuación ao medio ambiente, suxeitarase ao informe que emita o Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental da Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible da Xunta de Galicia.- Visto o Decreto nº 2.414/1961 do 30 de Novembro e demais disposicións concordantes de aplicación,acordo:

1º.- Informar favorablemente a concesión da licenza instada por Promocións Boporte S.L., para o proxecto de instalación de estación emisora receptora de depósito de 2.540 litros, nun inmoible sito na estrada de Francelos nº 54, deste termo municipal, xa que no expediente observáronse tódalas prescricións que establece o devandito Regulamento e disposicións complementarias.-

2º.- Dar traslado do expediente completo o Servicio de Calidade e Avaliación Ambiental da Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible da Xunta de Galicia, aos efectos de que se emita por este Organismo o correspondente informe”.

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistente, toma coñecemento dos seguintes:

-“ Da Dirección Xeral de Administración Local, comunicando Resolución da Consellería de Presidencia, Administración Pública e Xustiza, concedendo subvención por importe de 6.238 euros para a normalización da lingua galega (campañas e elaboración de publicacións). Asi mesmo a Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda aceptar a devandita subvención e as condicións contidas na orde de convocatoria.”.

-“Da Dirección Xeral de Administración Local, comunicando Resolución da Consellería de Presidencia, Administración Pública e Xustiza, concedendo na nova subvención por importe de 800 euros para a contratación temporal de auxiliares da Policía Local durante a temporada de verán. Asi mesmo a Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda aceptar a devandita subvención e as condicións contidas na orde de convocatoria.”.

-“Da Dirección Xeral de Desenvolvemento Sostible, comunicando Resolución de Adhesión a Rede Galega de Concellos para a Sostibilidade”.

-“ Convenio gratuito de colaboración entre o Centro Universitario UNED Ourense e o Concello de Ribadavia para a realización de prácticas non profesionais do curso denominado Xestión de proxectos culturais correspondente a programación do Plan FSE 2008 da Consellería de Traballo da Xunta de Galicia”.

-“Da Dirección Xeral de Fondos Comunitarios, Resolución concedendo unha prórroga do proxecto Enoturismo SP1.E182/03 (Interreg III A) ata o 31 de decembro de 2008”.

-“Convenio de Colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar da Xunta de Galicia e o Concello de Ribadavia (Ourense) para levar a cabo o acondicionamento dun espazo ubicado na planta semisoto do edificio da Casa de Cultura, para destinalo a local de ensaio así como o seu equipamento”.

-“ Da Consellería de Medio Rural, acordo do Xurado Provincial de Montes veciñais en man común, relativo o expediente de clasificación como veciñal en man comun do denominando Couto, Foz e Montes das Miñas”.

5.- CUESTIONS ECONOMICAS E ASUNTOS VARIOS.-

GASTOS E FACTURAS VARIAS.-

“Vistas as facturas e demais documentos xustificativos das prestacións que se expoñen á fiscalización conforme da Intervención municipal e considerando que, existe crédito orzamentario no orzamento de gastos para o exercicio 2008, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, e en uso das facultades en canto á xestión do gasto conferidas polo RD Lexislativo 2/2004 e RD 500/1990, delegadas pola Presidencia, acorda:

Primeiro.- Convalidar a aprobación das facturas realizadas por Resolución da Alcaldía e que seguido relacionanse:

UNION FENOSA DISTRIBUCIONS S.A., pago a conta de subministración de enerxía eléctrica a edificio e instalacións municipais, por importe de 10.000 euros.

MUNICIPALIDAD DE VILCABAMBA, gastos de asistencia a Seminario Internacional de Sensibilización para a diversificación que se celebrará en Ecuador, por importe de 3.737,33 euros.

HIERROS Y ALUMINIOS PACO S.L., construción de barandillas para Ponte no límite de Beade, por importe de 3.236,40 euros.

JORGE GONZALEZ GONZALEZ, traballos de conservación e reparación de Camiños en San Cristovo, por importe de 5.457,80 euros.

ARMANDO BARREIRA UNIPERSOAL LMTDA., traballos de alumeado artístico para organización da feira do viño 2008, por importe de 9.000 euros.

Segundo.- Comunicar este acordo e ordenar aos servizos de Intervención e Tesourería a súa contabilización e pago”.

APROBACIÓN LISTADO COBRATORIO DA TAXA POLO SUBMINISTRO DE AUGA 3º TRIMESTRE DO 2008.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, presta a súa aprobación ao listado cobratorio da taxa polo subministro de auga, 3º trimestre do 2008, por importe de 44.588,63 euros, tarifa de depuración por importe de 8.597,21 euros, máis 3.730,21 euros de IVE, resultando un total de 56.916,05 euros.- Así mesmo, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda aprobar o listado cobratorio da taxa de depuración de residuais, correspondente ao 3º trimestre do 2008, por importe de 17.736,26 euros e o Canon de saneamento da Xunta, por importe de 17.002,27 euros.-

REAXUSTES ACORDOS EN MATERIA DE REHABILITACION.-

Visto o escrito da Dirección Xeral de Fomento e Calidade da Vivenda de data 02.10.08, relativo a reaxustes de acordos en materias de áreas de Rehabilitación do Plan Estatal de Vivenda 2005-2008, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

UNICO.- Aprobar o reaxustes de anualidades propostas para a Area de Rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia, encadrada dentro das áreas de Rehabilitación Integral e do Centro Histórico na Comunidade Autónoma de Galicia. Adenda. Reaxuste anualidades e unificación de fases. Plan de Vivenda 2005-2008.

6.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non houbo.-

E sendo as dúas e cuarto do mediodía, o Sr. Alcalde accidental, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.

O ALCALDE

O SECRETARIO